



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, ditou a seguinte  
**RESOLUCIÓN:**

**ASISTENTES**

**PRESIDENTE**

D. Gerardo Zugasti Enrique

**VOCAIS**

D. Enrique Martínez Chamorro  
(Xefe do Servizo de Montes)

D. Víctor Abelleira Argibay  
(Representante colexio de avogados da  
provincia)

D. X. Carlos Morgade Martínez  
(Representante das CMVMC da provincia de  
Pontevedra)

Dna. Lorena Peiteado Pérez (Letrada da  
Xunta de Galicia)

**SECRETARIA**

Dna. Ana Belén Fernández Dopazo.

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17:00 horas do día 14/02/11, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do Edificio Administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do **recurso de reposición** ao expediente de clasificación dos **monte** denominados "**Monte de Seixas**" solicitados a prol dos veciños do lugar de Seixas, parroquia de Sanguíñedo, do concello de Lalín <sup>Dozón</sup>.

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO:** Danse por reproducidos os antecedentes obrantes na resolución denegatoria da clasificación solicitada pola CMVMC de Seixas de data 9 de xuño de 2010 (DOG de 8 de xullo de 2010), a efectos de evitar reiteracións innecesarias, se ben, pola súa relevancia á hora de resolver consideramos oportuno destacar como feitos máis salientables os que se detallan a continuación:

**A).-** Con data de entrada 19 de decembro de 2007, don Vidal Lalín Vázquez, actuando en nome e representación dos veciños do lugar de Seixas, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación do monte denominado "SEIXAS" como veciñal en man común a favor dos veciños do lugar de Seixas, da Parroquia de Sanguíñedo, concello de Dozón, acompañando anexo topográfico, relación de colindantes, relación alfanumérica, documentación gráfica e documentación histórica.



B).- O Xurado Provincial de Montes en Man Común de Pontevedra, acordou, logo da subsanación da documentación requirida, en sesión de 19 de febreiro de 2009, incoar o corresponde expediente de clasificación do devandito monte solicitándose de conformidade co establecido no artigo 20 de Decreto 260/1992 informe preceptivo do Servizo de Montes e Industrias Forestais que é recibido polo Xurado de Montes con data 9 de xuño de 2009, facendo constar, entre outras, as seguintes circunstancias:

1).- parcela 1 “Silva”: OBSERVACIÓNS: Dita parcela superponse na metade aproximadamente coa parcela denominada A silva, de superficie 5,98 ha, solicitada a favor do MVMC “Dos croios e outros”, solicitada pola CMVM de A Xesta, en Lalín, con data 4 de agosto de 2006.(...)

2).- parcela 3 “Agro de Seixas”: OBSERVACIÓNS: A dita parcela superponse pola zona sur, en 1,00 aproximadamente coas parcela C solicitada polos veciños de Sanguiñedo (Dozón), e que segundo o Edicto de data 17 de abril de 2009, do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, saíu unha parte excluída da clasificación do MVMC de Sanguiñedo, alegando uso conxunto entre os veciños de Sanguiñedo e os de Seixas.

C).- Á vista dos anteriores antecedentes, e previa a súa valoración motivada, o Xurado de Montes acordou denegar a clasificación das parcelas integrantes do Montes Seixas ao entender que concorriía unha insuficiencia probatoria no relativo ao aproveitamento consuetudinario por parte da CMVMC e porque de acordo co informe emitido con data 18 de marzo de 2008 pola Sección de Topografía do Servizo de Montes, dúas das cinco parcelas están situadas no concello veciño de Lalín, en concreto, a parcela 3, ademais de ser solicitada pola CMVMC de Sanguiñedo, sitúase en parte no concello de Lalín e superponse, ao mesmo tempo, co monte clasificado segundo resolución do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra, de data 20 de febreiro de 2003, denominado “Monte Vilar” a favor dos veciños de Vilar, CMVMC de Vilar, Barreiro e Costoia. A parcela 4 está na mesma situación que a anterior.



**SEGUNDO:** Con data de rexistro de entrada 1 de xullo de 2010, preséntanse polo agora recorrente, perante a Consellería de Medio Rural, unhas alegacións (ás que podemos dar a consideración xurídica de recurso de reposición de acordo co establecido no artigo 110.2 da Lei 30/1992), nas que en síntese se facía constar o seguinte:

1).- Que os veciños de Seixas chegaron a un acordo cos veciños do lugar de Sanguinredo para solucionar a problemática dos lindes entre ambos lugares, estando pendente de realizarse unha reunión coa Xefatura Territorial de Montes aos efectos de tratar esta cuestión e poder materializar na práctica a demarcación dos puntos finais.

2).- Xunto co escrito anterior apórtase pola CMVMC de Seixas a seguinte documentación:

A).-Sentenza do ano 2006 relativa á delimitación dos lindes entre o Concello de Lalín e Dozón.

B).- Informe-Certificación expedido pola Secretaría do Concello de Dozón.

C).- Escrito remitido polo Centro de Investigación de Lourizán de data 25 de xuño de 2010 onde se describen as actuación que se están a levar a cabo no monte e con expresa referencia á colaboración prestada pola CMVMC de Seixas. Así mesmo, faise constar a existencia dun acordo formal entre o Centro de Lourizán e CMVMC de Seixas que data do ano 2006 e cunha prórroga ata o ano 2012.

Tales actuacións, de acordo cos datos contidos no informe obrante no expediente de clasificación emitido polo Xefe do Servizo de Montes, de data 9 de xuño de 2009, estaríanse a levar a cabo nas parcelas 2 e 3, identificadas co nome de “Fochas e Facha (Loma de Val dos Meos)”, cunha superficie alegada de 19,1571 ha, e “Agro de Seixas cara o coto do Ferrancho e Val dos Fentos”, cunha superficie alegada de 24,4369 has, respectivamente.

Sentadas as premisas anteriores, e tomando en consideración a nova documentación aportada, xunto cos datos obrantes xa no expediente de referencia, emítense a presente proposta de resolución baseada nos seguintes fundamentos xurídicos:



## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO** .O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra é o órgano competente para resolver os recursos de reposición que se interpoñan fronte as súas resolucións de acordo co preceptuado no artigo 116 da lei 30/1992, así como no artigo 12 da Lei 13/1989, de 10 de outubro.

**SEGUNDO**. Procede admitir a trámite os recursos de reposición interpostos de contrario por concorrer os requisitos fixados no artigo 117.1 da lei 30/1992.

**TERCEIRO**. Como xa se sinalou nos antecedentes de feito da presente proposta, por parte da CMVMC de Seixas, presentouse perante a Consellería de Medio Rural un escrito de alegacións que en atención ao seu contido e finalidade ha de ser considerado como un verdadeiro recurso de reposición con independencia da denominación dada polos interesados, e isto de acordo co preceptuado no artigo 110.2 da Lei 30/1992 a cuxo tenor:

*“110.2: O erro na cualificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación , sempre que se deduzza o seu verdadeiro carácter.”*

Dito isto, e se ben é certo que dende o punto de vista normativo non se engade nada novo nin tan sequera se fai ningunha consideración xurídica que serva para privar de legalidade e conformidade a dereito a resolución denegando a clasificación do Monte Seixas, o certo é que este Xurado non pode ignorar a relevancia que aos efectos de resolver o presente recurso ten a aportación por parte da CMVMC da documentación anexa a dito escrito, en especial, o informe remitido polo Centro de Investigación de Lourizán de data 25 de xuño de 2010, e que ata ese momento era descoñecido para este Xurado.

Isto é así, porque un dos motivos fundamentais que xustificou a denegación da clasificación das parcelas interesada pola CMVMC de Seixas foi o feito de non terse acreditado con suficiencia e claridade o aproveitamento consuetudinario sobre os referidos terreos, extremo que se tratou con maior esixencia nesta caso habida conta da conflitividade existente entre a CMVMC recorrente e a CMVMC da Xesta e Sanguñedo,



con expedientes de clasificación incoados en relación a parcelas coincidentes con algunhas das interesadas pola CMVMC de Seixas.

Así pois, e tomando en consideración que no momento de solicitar a clasificación non se aportaba ningunha proba que servise para acreditar de xeito sólido o mentado aproveitamento consuetudinario neste contexto de conflictividade entre comunidades de montes, a solución de non clasificar foi axustada a Dereito.

Non obstante, como xa adiantamos, no momento actual o Xurado de Montes dispón de documentación que permite modificar esta conclusión pero tan só parcialmente, en concreto, no relativo ás parcelas 2 e 3 e isto porque son parcelas sobre as que co informe remitido polo Centro de Lourizán enténdese acreditado, con preferencia ás reivindicacións feitas pola CMVMC de Xesta sobre as mesmas, un aproveitamento polos veciños de Seixas, conclusión ésta que parece lóxica se temos en conta que pola CMVMC tan só se basea a pretensión de clasificación en alegacións subxectivas orfas de toda proba.

Polo contrario, e no tocante ás restantes parcelas respecto das cales tamén se solicitaba a clasificación (parcela 1, 4, e 5), entende esta parte que ha de manterse a resolución impugnada ao non terse producido ningunha variación en canto aos datos e documentos cos que contaba o Xurado á hora de pronunciarse e sen que a día de hoxe poida considerarse acreditado, a diferenza do dito sobre a parcela 2 e 3, os requisitos fixados legal e xurisprudencialmente para outorgar a clasificación como monte veciñal, máxime cando estamos ante terreos solicitados con idéntico fundamento polas CMVMC veciñas baixo outra denominación pero con coincidencia física.

Vistos os antecedentes mencionados, a Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, de 4 de Setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, este Instrutor, en uso das facultades que ten conferida, propón e o **Xurado ACORDA** por unanimidade:




A **ESTIMACIÓN PARCIAL** do recurso de reposición presentado de contrario no sentido de outorgar a **clasificación** como monte veciñal ás **parcelas 2 e 3** a favor da CMVMC de Seixas, de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito quinto da resolución de clasificación de 07/06/10 e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da resolución, e confirmación en todos os demais termos da resolución impugnada.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Xulgado Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co previsto no artigo 109 a) e 116.3 da Lei 30/1992, así como nos artigos 8 e 46 da lei 29/1998.



A circular official stamp of the Xunta de Galicia is visible, partially obscured by the signature. The stamp contains the text: "XUNTA DE GALICIA", "CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL", and "SERVIZO DE MONTES".



MONTE DE SEIXAS. Escala 1:10.000



4.716.051,85 (ED-50)  
4.715.837,34 (ETRS-89)

573.193,40 (ED-50)  
573.068,39 (ETRS-89)

4.716.051,85 (ED-50)  
4.715.837,34 (ETRS-89)

575.014,16 (ED-50)  
574.889,16 (ETRS-89)

573.193,40 (ED-50)  
573.068,39 (ETRS-89)

4.714.842,03 (ED-50)  
4.714.627,51 (ETRS-89)

575.014,16 (ED-50)  
574.889,17 (ETRS-89)

4.714.842,03 (ED-50)  
4.714.627,51 (ETRS-89)

Este plano realizouse seguindo as indicacións do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra.

É tal e como di a resolución: "(...) CLASIFICAR (...) de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito quinto".



Marzo-2.010  
ESCALA : 1/10.000

Nº de plano: MONTE DE SEIXAS PARCELAS 2 e 3. SUPERFICIE= Ver resolución do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra.  
1 de 1. CMVMC DE SEIXAS. CONCELLOS DE DOZON E LALIN.



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, ditou a seguinte  
**RESOLUCIÓN**

**ASISTENTES**

***PRESIDENTE***

D. Gerardo Zugasti Enrique

***VOCAIS***

D. Enrique Martínez Chamorro  
(Xefe do Servizo de Montes)

D. Víctor Abelleira Argibay  
(Representante colexio de avogados da  
provincia)

Dna. Lorena Peiteado Pérez (Letrada da  
Xunta de Galicia)

D. X. Carlos Morgade Martínez  
(Representante das CMVMC da provincia de  
Pontevedra)

**VOCAIS REPRESENTANTES DOS  
VECÍÑOS DO LUGAR DE SEIXAS**

D. Vidal Lalín Vázquez  
D. Antonio Presas González

***SECRETARIA***

Dna. Ana Belén Fernández Dopazo.

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17:30 horas do día 07/06/10, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do Edificio Administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre resolución do expediente de clasificación do monte denominado “**Monte de Seixas**” solicitado a **prol dos veciños do lugar de Seixas**, parroquia de Sanguñedo, do concello de Dozón.

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO:** Con data de entrada 19 de decembro de 2007, don Vidal Lalín Vázquez, actuando en nome e representación dos veciños do lugar de Seixas, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación do monte denominado “SEIXAS” como veciñal en man común a favor dos veciños do lugar de Seixas, da Parroquia de Sanguñedo, concello de Dozón, acompañando anexo topográfico, relación de colindantes, relación alfanumérica, documentación gráfica e documentación histórica.

**SEGUNDO:** O Xurado Provincial de Montes en Man Común de Pontevedra, acordou, logo da subsanación da documentación requirida, en sesión de 19 de febreiro de 2009, incoar o corresponde expediente de clasificación do devandito monte



**TERCEIRO:** De conformidade co establecido no artigo 20 de Decreto 260/1992 solicita informe preceptivo do Servizo de Montes e Industrias Forestais que é recibido polo Xurado de Montes con data 9 de xuño de 2009, e do que convén salientar as observacións realizadas en relación á situación e estado das parcelas afectadas pola clasificación:

a).- parcela 1 “Silva”: **OBSERVACIÓNS:** Dita parcela superponse na metade aproximadamente coa parcela denominada A silva, de superficie 5,98 ha, solicitada a favor do MVMC “Dos croios e outros”, solicitada pola CMVM de A Xesta, en Lalín, con data 4 de agosto de 2006.(...)

b).- parcela 3 “Agro de Seixas”: **OBSERVACIÓNS:** A dita parcela superponse pola zona sur, en 1,00 aproximadamente coas parcela C solicitada polos veciños de Sanguiñedo (Dozón), e que segundo o Edicto de data 17 de abril de 2009, do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, saíu unha parte excluída da clasificación do MVMC de Sanguiñedo, alegando uso conxunto entre os veciños de Sanguiñedo e os de Seixas.

**CUARTO:** O Rexistro da Propiedade de Lalín certifica con data 13 de xullo de 2009 que o monte solicitado non figura inscrito a nome de persoa algunha.

**QUINTO:** Á vista da documentación aportada polo solicitante e o Informe do Servizo de Montes, o monte obxecto do presente expediente obedece á seguinte descrición:

**CONCELLO: DOZON**  
**PARROQUIA: SANGUIÑEDO**

**NOME DO MONTE: PARCELA 1 (POLÍGONO 353, PARCELA 490)AO SUR  
DO CAMIÑO DO CABO DO AGRO**

**Cabida:** 11.0589 Ha. (superficie alegada na solicitude)

**Lindes:**

**Norte y Leste:**

Camiño do cabo de agro e monte veciñal de Seixas

**Sur:** 59 Paz Enríquez Rodríguez

299 Amparo Varela Gutiérrez

300 Paz Enríquez Rodríguez

308 Francisco García López

306 Francisco Crespo Gutiérrez

33 Manuel García López

**PARCELA N°1 ( POLIGONO 353- PARCELA 311) AO NORTE DO CAMIÑO DO CABO  
DE AGRO**

**Lindes:**

**Norte:**

Propiedade de veciño do término de Lalín

Río de Seixas



Leste:

493 Paz Enríquez Rodríguez  
Río de Seixas

Sur:

315 Francisco García López  
491 Francisco García López  
227 Paz Enríquez Rodríguez  
229 Francisco Crespo Gutiérrez  
230 Ramón Manuel y Francisco García López  
232 Paz Enríquez Rodríguez  
233 Francisco Crespo Gutiérrez  
234 Ramón Manuel y Francisco García López  
236 Francisco García López  
284 Antonio Presas González  
285 Ramón Manuel y Francisco García López  
286 Antonio Presas González  
287 Paz Enríquez Rodríguez  
289 Francisco Crespo Gutiérrez

291 Paz Enríquez Rodríguez  
492 Ramón Manuel y Francisco García López  
Camiño do cabo do agro.  
316 Ramón Manuel y Francisco García López

NOME DO MONTE: PARCELA N° 2 (Polígono 253- Parcela 902) SITUADA AO SUR-  
OESTE DA PISTA A SANGUINEDO.

Cabida: 19.1571 Ha (superficie alegada na solicitude)

Norte:

Pista de Sanguinredo  
887 Amparo Varela Gutiérrez  
886 Remedios Pájaro González y Concepción Trabazo  
885 Amparo Varela Gutiérrez  
884 Paz Enríquez Rodríguez  
883 Antonio Presas González  
881 Remedios Pájaro González y Concepción Trabazo

Leste:

Pista de Sanguinredo

Sur:

406 Manuela M<sup>a</sup> Pacita Rodríguez Presas  
405 José Antonio Rodríguez Presas  
404 José Rodríguez Calvo  
403 José M<sup>a</sup> Rodríguez Iglesias



- 402 Juan Pájaro Fernández
- 401 Adelaida Esther Gutiérrez Calvo
- 509 Monte Comunal de Sanguiñedo

Leste:

- 860 Paz Enríquez Rodríguez
- 859 Ramón Manuel y Francisco García López
- 858 Amparo Varela Gutiérrez
- 857 Paz Enríquez Rodríguez
- 856 Ramón Manuel y Francisco García López
- 855 Amparo Varela Gutiérrez
- 854 Antonio Presas González
- 853 Paz Enríquez Rodríguez
- 852 Amparo Varela Gutiérrez
- 851 Ramón Manuel y Francisco García López
- 664 Amparo Varela Gutiérrez
- 662 Paz Enríquez Rodríguez
- 880 Remedios Pájaro González y Concepción Trabazo
- 879 Amparo Varela Gutiérrez
- 878 Remedios Pájaro González y Concepción Trabazo
- 877 Francisco Crespo Gutiérrez
- 876 Remedios Pájaro González y Concepción Trabazo
- 874 Amparo Varela Gutiérrez

PARCELA Nº2 (POLIGONO 253) SITUADA AO LESTE DA PISTA A SANGUINEDO

Norte:

Camino

Este:

- 777 Francisco Crespo Gutiérrez
- 772 Ramón García López
- 773 Alicia Mundín Fernández
- 775 Antonio Presas González
- 774 Ramón García López
- 776 Antonio Presas González
- 780 Paz Enríquez Rodríguez
- 782 Francisco y Manuel García López

Sur:

Monte comunal de Sanguiñedo

Oeste:

Pista de Sanguiñedo



PARCELA Nº 3 (POLIGONO 253- PARCELA 673)

Cabida: 24.4369 Has (superficie alegada na solicitude)

Norte:

- 648 Rosalía Varela Cacheda
- 660 Paz Enríquez Rodríguez
- 888 Manuel García López.

Leste:

Pista de Sanguiñedo

Sur:

- 662 Paz Enríquez Rodríguez (Δ Ladeira)
- 663 Francisco García López
- 664 Amparo Varela Gutiérrez
- 665 Paz Enríquez Rodríguez
- 851 Ramón Manuel y Francisco García López
- 852 Amparo Varela Gutiérrez
- 853 Paz Enríquez Rodríguez
- 854 Antonio Presas González
- 855 Amparo Varela Gutiérrez
- 856 Ramón Manuel y Francisco García López
- 857 Paz Enríquez Rodríguez
- 858 Amparo Varela Gutiérrez
- 859 Ramón Manuel y Francisco García López
- 860 Paz Enríquez Rodríguez
- Monte comunal de Sanguiñedo
- 837 Paz Enríquez Rodríguez
- 838 Amparo Varela Gutiérrez
- 839 Antonio Presas González
- 840 Ramón Manuel y Francisco García López
- 841 Paz Enríquez Rodríguez
- 842 Francisco Crespo Gutiérrez
- 843 Ramón Manuel y Francisco García López
- 844 Amparo Varela Gutiérrez
- 845 Paz Enríquez Rodríguez
- 846 Amparo Varela Gutiérrez
- 847 Ramón Manuel y Francisco García López
- 848 Antonio Presas González
- 849 Ramón Manuel y Francisco García López
- 850 Antonio Presas González
- Monte Comunal de Sanguiñedo

Oeste:

- Término Municipal de Lalín
- Julio García Sánchez (prado) (Vecino de Vilar- Lalín)
- 613 Ramón Manuel y Francisco García López
- 612 Antonio Presas González



611 Francisco García López  
610 Amparo Varela Gutiérrez  
607 Olga Vilar  
606 Dorinda Enríquez Enríquez

PARCELA 4

Cabida: 1.7579 Ha. (superficie alegada na solicitude)

Norte:

Término Municipal de Lalín

Este:

Pista de Navallo

Sur:

Ermesindo Presas Fernández y Herederos de Pedro González

Oeste:

Termino municipal de Lalín

PARCELA 5 (POLIGONO 353- PARCELA 673 ) AO SUR DA PISTA

Cabida: 6.5323 (superficie alegada na solicitude)

Norte:

92 Pista a estrada de Carballiño y montes veciñais de Seixas (Cal de Arriba)

Sur:

Pista a Sanguñedo

652 Paz Enríquez Rodríguez ( A Ladeira)

651 Antonio Presas González

650 Francisco García López

649 Rosalía Varela Cacheda

637 Amparo Varela Gutiérrez.

636 Paz Enríquez Rodríguez

PARCELA 5 (POLIGONO 353- PARCELA 92 Y 682) AO NORTE DA PISTA

Norte:

496 Geraldino Gonzalo Lalín Vázquez ( Veciños del término de Lalín)

677 Amparo Varela Gutiérrez

Leste:

Camiño a Seixas

Sur:

91 Rosalía Varela Cacheda

90 Francisco Crespo Gutiérrez

89 Francisco García López

88 Paz Enríquez Rodríguez

87 Amparo Varela Gutiérrez

86 Rosalía Varela Cacheda

Pista a carretera de Carballiño y monte comunal de Seixas



Oeste:

634 Manuel García López

Amparo Varela Gutiérrez

487 Julio García Fernández (vecino del término de Lalín)

488 Geraldino Gonzalo Lalín Vázquez (vecino término de Lalín)

489 Geraldino Gonzalo Lalín Vázquez (vecino término de Lalín)

490 Concordia González López (vecino término de Lalín)

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Iº).-O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra é o órgano competente para coñecer dos expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, de 10 de outubro.

IIº).- De conformidade co artigo 1 do referido texto normativo e o artigo 1 do Decreto 240/1992 de 4 de setembro compre entender por monte veciñal en man común:

### Artículo 1.

*Son montes veciñais en mano común y se registrarán por esta Ley los que, con independencia de su origen, sus posibilidades productivas, su aprovechamiento actual y su vocación agraria, pertenezcan a agrupaciones veciñais en su calidad de grupos sociales y no como entidades administrativas, y se vengán aprovechando consuetudinariamente en régimen de comunidad sin asignación de cuotas por los miembros de aquellas en su condición de vecinos.*

Así pois, de acordo coa propia dicción literal deste artigo e a prolixa xurisprudencia existente na materia, o feito que determina a clasificación ou non como veciñal do monte en cuestión é a circunstancia de terse acreditado de forma sólida e fehaciente o aproveitamento consuetudinario en man común pola agrupación veciñal, ao marxe das cuestións relativas á titularidade dominical e demais dereitos reais.

IIIº).-Extrapolando o concepto e esixencias que se condensan na normativa analizada ao caso concreto, e tomando en consideración moi especialmente as observacións que se condensan no informe emitido polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que é recibido polo Xurado de Montes con data 9 de xuño de 2009, pódense extraer dúas conclusións fundamentais:

III.a).- Non queda acreditado suficientemente o aproveitamento consuetudinario sobre as parcelas integrantes do monte respecto do cal se solicita a clasificación. De feito, e se ben é certo que hai evidencias de que tradicionalmente existía un aproveitamento forestal de mato, na actualidade e en algunhas zonas a altura do mato sobrepasa o metro e medio, chegando a acadar (parcela 5) ata os 3 metros, o que evidencia o seu abandono.



Noutras parcelas (parcela 2 e 3) , constátase que se está a levar a cabo polo Centro de Investigación forestal de Lourizán queimas controladas e experimentais para facer un seguimento destas zonas, polo que non existe un aproveitamento polos propios veciños de Seixas.

IIIº.b).- Outro dato significativo que se recolle no referido informe é que algunha das parcelas, en concreto a parcela 1 e 3, superpóñense en gran extensión con outras parcelas solicitadas pola CMVMC de A Xesta e Sanguñedo, respectivamente, polo que resulta palmaria a falta de acreditación por parte dos veciños solicitantes da clasificación (SEIXAS) do aproveitamento das parcelas con carácter exclusivo, quedando evidenciada a conflictividade entre as citadas CMVMC sobre parcelas coincidentes.

De feito, e en relación a este extremo merece especial atención o manifestado no escrito de data 18 de decembro de 2007 interesando a clasificación. No mesmo, don Vidal Lalín Vázquez en representación dos veciños do lugar de Seixas, alega que a solicitude de clasificación do Monte Veciñal de Sanguñedo non é correcta xa que invade parte do Monte Veciñal de Seixas, solicitando a clasificación como un mecanismo de protección dos seus intereses e dereitos, así como para actualizar o deslínde e propiedade.

Non obstante, ha de lembrarse que a clasificación dun determinado monte como veciñal en man común a prol dunha concreta CMVMC non se articula na Lei como un mecanismo de blindaxe e protección preventiva fronte a pretensións doutras CMVMC, senón que a devandita clasificación única e exclusivamente procederá cando resulte evidenciado de xeito claro o aproveitamento consuetudinario polo grupo veciñal sobre as parcelas interesadas, e este requisito non parece cumprirse en relación aos veciños de Seixas, tal e como se colixe da documentación obrante no expediente.

IIIº.c).- En terceiro lugar, debe asemade facerse referencia obrigada ao informe emitido con data 18 de marzo de 2008 pola Sección de Topografía do Servizo de Montes, onde en relación á clasificación das parcelas solicitadas se sinala que dúas das cinco parcelas están situadas no concello veciño de Lalín, en concreto, a parcela 3, ademais de ser solicitada pola CMVMC de Sanguñedo, sitúase en parte no concello de Lalín e superponse, ao mesmo tempo, co monte clasificado segundo resolución do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra, de data 20 de febreiro de 2003, denominado “Monte Vilar” a favor dos veciños de Vilar, CMVMC de Vilar, Barreiro e Costoia. A parcela 4 está na mesma situación que a anterior.

Esta problemática tamén se recolle no escrito de alegacións presentado polo veciños solicitantes de data 26 de xullo de 2008 chegando a renunciar á clasificación da parcela 4 e parte da parcela 3.



En consecuencia, vistos os antecedentes mencionados, a Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, de 4 de Setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, este Instructor, en uso das facultades que ten conferida propón, e o Xurado acorda por maioría dos seus membros, coa abstención do vocal D. X. Carlos Morgade Martínez:

**A NON CLASIFICACIÓN** do MONTE SEIXAS solicitado polos veciños do Lugar de Seixas, Concello de Dozón por non reunir os requisitos esixidos no artigo 1 da Lei 13/1989.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación recurso de reposición de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Handwritten signatures and a circular official stamp of the Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural, Pontevedra. The stamp contains the text: XUNTA DE GALICIA, XURADO DE CLASIFICACIÓN DE MONTES VECIÑAIS, PONTEVEDRA, Consellería do Medio Rural.



Para os efectos previstos no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáse publicidade ao acordo adoptado polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, en sesión que tivo lugar o 11 de agosto de 2022, de deslindamento parcial entre as comunidades de montes veciñais en man común de Vilar- Barreiro- Costoia (Lalín) e a de Seixas (Dozón) respecto do linde común dos seus montes (**Exp.: DC22004**).

**Feitos:**

Primeiro- O 31.03.2022 Francisco Donsión Carrón en representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (en adiante CMVMC) de Vilar- Barreiro- Costoia (Lalín) remite expediente de deslindamento (art.53 da Lei de montes de Galicia) coa CMVMC de Seixas (Dozón).

Segundo- Revisada a documentación achegada esta cumpre os requisitos técnicos solicitados polo Servizo de Montes e consta no expediente a seguinte documentación consonte o artigo 53 e 55.3 da Lei 7/2012 de montes de Galicia:

- Acta do deslindamento
- Acta de conciliación
- Certificados da aprobación do deslindamento nas asembleas xerais das comunidades.
- Memoria descritiva con plano de deslindamento e cartografía en formato dixital
- Informes de validación gráfica cos números CSV: 4VZ2981XHYZRREKZ e CSV: 5PVP12JJVY37K9V1 para comunicación á Xerencia do Catastro.

A liña de deslindamento proposta está composta polos seguintes puntos:

01	573471,78	4714662,52
02	573470,57	4714679,65
03	573470,76	4714695,64
04	573476,11	4714716,86
05	573478,33	4714732,66
06	573480,03	4714751,08
07	573479,62	4714768,52
08	573479,46	4714770,80
09	573477,85	4714785,39
10	573474,60	4714802,79
11	573471,19	4714815,87
12	573466,26	4714827,12
13	573444,15	4714857,61
14	573429,38	4714877,44





15	573417,98	4714893,77
16	573404,99	4714917,38
17	573222,31	4715666,57
18	573323,12	4715767,02
19	573424,57	4715887,47
20	573479,42	4715970,57

### Consideracións legais e técnicas:

Primeiro. A presente resolución dítase ao abeiro do artigo 53 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segundo. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que hai que seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no Diario Oficial de Galicia e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e consideracións legais e técnicas expostos, o Xurado por unanimidade ACORDA:

Aprobar o deslindamento parcial realizado entre a CMVMC de Vilar- Barreiro-Costoia ( Lalín) e a CMVMC de Seixas (Dozón) respecto do seu linde común nos termos indicados no feito segundo.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Presidente do Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común

Antonio Crespo Iglesias

